

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº35/ Ano: 2021 / 2º xornal Mes de agosto / Estado de 5ª onda xuvenil

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



ONS NA MEMORIA

O actor galego Celso Bugallo, hai arredor de dúas décadas, visitou a Illa de Ons e mantivo unha estreita harmonía cos aunienses.

Foto: reactingtalent.com/ Páx 1



FARO DE ONS

Este Faro, a carón de ser un dos símbolos de Ons e, ata formar parte das figuras de Sargadelos, un auniense decidiu levalo toda a súa vida no seu brazo. Páx. 1

CENTRO DE VISITANTES (XI) Suxestións IX – IDEAS SOBRE ACTIVIDADES (IV)

Aínda que ía a rematar neste número a sección dedicada ao Centro de Visitantes, coidei que sería interesante dedicarlle unha entrega máis para explicar algún punto importante. Foto: Curiosas pezas etnográficas no Centro. Páx. 3



CONTOS DE TABERNA

A ACTUACIÓN DOS <ALCAR> NO DÍA DE SAN XAQUÍN EN ONS

Juan, de Noalla, chegou a Ons e cos participantes na partida de dominó, narrou o acontecido nun día de festa en Ons a principios dos anos 70 s. XX. Páx. 5

CAMISETAS DE VERÁN

Recordo que a primeira que se fixera foi por un Xacobeo que coincidiu coa caza dun xabaril que aparecerá en Ons. Fixeramos unha camiseta conmemorativa co debuxo dun xabaril vestido de peregrino, e que poñía “O Xabaril Pelegrín”. A partir de 2006 comezamos a facelas anualmente. Páx. 4



REFLEXIÓNS SOBRE ONS

Ane e Choto son unha parella que leva anos pasando a etapa estival en Ons co seu posto de colares, pulseiras,... e outro tipo de artesanía no barrio de Curro.

Ane déixanos unha curiosa reflexión sobre a súa querida Illa. Páx. 5



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS PRAIA NUDISTA DE MELIDE EN ONS

Atopeime en Bascuas a un vello campista de Ons e practicante do nudismo. Tivemos unha interesante conversa sobre a praia de Melide. Páx. 4



FESTA EN ONS 2021


As Freguifestas trasladáronse a Ons cun bo número de actividades e proxección da película “ONS” Páxs 6-7



ONS NA MEMORIA

Xa hai uns cantos anos que visitou a Illa o magnífico actor galego Celso Bugallo. Aquí o vemos, no centro, xunto a dous aunienses. Á esquerda Tito, que faleceu un triste día á pesca do robalo e, á dereita, Manolito Otero, que rexenta o “Restaurante Pirata” en Ons.

Celso Bugallo pasou uns días na Illa e mantivo un contacto moi estreito cos veciños e amigos, entre os que estaba, o Gran Maqui.



TATUAXE

Algún auniense leva tanto a Ons no corazón, que ate se tatuou un símbolo da Illa tan espectacular como o Faro.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

No anterior número de Onstopus, comentaba o achado dun maravedí na Illa de Sálvora. Un lector especial Fernando Alonso Romero, bo coñecedor das Illas Atlánticas, envioume esta interesante suxestión:

"Querido amigo:

Muchas gracias por la información que envías en la revista Onstopus. En ella leo que ha aparecido un maravedí en la isla de Sálvora. ¿Se sabe exactamente en dónde? Te lo pregunto porque hace unos cuarenta años estuve en Sálvora invitado por su antiguo dueño D. Joaquín Otero Goyanes. Durante la exploración que realicé, además de cerámica que me pareció de la Edad del Bronce, encontré en la superficie del suelo un maravedí que se lo entregué a su dueño. Si el lugar de mi antiguo hallazgo coincide con el nuevo, creo que es señal de que hay más y sería interesante que Patrimonio realizara una excavación. El maravedí que yo encontré creo que era del siglo XV.

Un abrazo, Fernando".


Interesante suxestión coa que quero, de novo, resaltar que tanto Ons, como as demais illas do Parque, teñen unha importancia histórica-etnográfica-arqueolóxica dun grande valor e os responsables da Consellería xestora terían que poñerse as pilas e, en contacto coa Consellería de Cultura e a universidade, poñer os medios para a súa investigación.



CURIOSA MAQUETA

A finais do mes de xullo, fixen unha visita a Cesáreo, uns días antes de que a súa muller, Victoria, tivera que ir a terra por mor dunha doenza nas costas.

Chamoume moito a atención esta maqueta de barco que tiña a carón do piorno.



VARU CAMAWEY NO ESPAZO CAMAWAYANO

Este verán Varu Camawey non trouxo moitas novas do seu, como el o chama, <Espazo Camawayano>.

Debe haber moita tranquilidade pola praia de Melide, ou quizais, por mor da avalancha de téxtil, decidíu cambiar o seu espazo momentaneamente.

Aquí o vemos, seguindo a cantiga:

Voando vou,
voando veño,
Polo camiño
eu me entreteño.
Polo camiño
eu me entreteño.


Pois voando ou non, queremos ter novas de Camawey.

cos de maravilla y el conjunto, en su magna grandeza, en la sublimidad que le otorgan sus proporciones titanescas, en el recato que le prestan los cendales de nieblas, en el prestigio que le da la aureola de argentadas espumas, tiene el sello esplendoroso y misterioso de esos alcázares de la mitología escandinava, donde una princesa cautiva esperaba siempre al caballero libertador que había de llegar en una blanca nave sobre las olas enfurecidas, a redimirla de endriagos.

Al Norte de las Cies, corriendo paralela a tierra el macizo pardo de la isla de Ons, pregona una tremenda convulsión del planeta. Como desprendida de la Ons, la diminuta Onza se tiende a su vera, humilde en su pequeñez, en defensa constante contra los ataques del mar que la asaltan hasta el dorso.

La Ons, de contornos redondeados, de estructura compacta, con traza de monstruo dormido en su gesto de sosiego, es la montaña celta que ha rodado por las colinas y por los valles y reposó en el mar. Y allí, sin aristas y sin ángulos, como colosal ballena muerta, rodeada en su base por arenas blancas, está desde el principio de los siglos incommovible ante los golpes que le asesta el mar, dejando que el viento zumbe canciones de monotonía al resbalar por sus laderas rapadas, con la sola y milagrosa consigna de dar quietud de laguna a las aguas azules de la ría marinense.

Un canal de mar, ancho y hondo, y al Norte de la Ons, surge de entre arrecifes espumosos, la Sálvora. Es casi una prolongación de la costa esta isla baja de tierra negra y cultivable que se viste con maizales verdes y corona la



PONTEVEDRA.—Cercanías de Bayona.

cresta que se yergue en su centro con airosos ramajes de pinos.


Cíñenla en abrazo apretado, sirtes traidoras bajos a flor de agua que hierven de continuo en hilachas de espuma.

Noro, un picacho informe, de roca viva, partido al medio desde la cima a la base, y Vionta, una isleta arenosa, son hijas de la Sálvora.

De allí al Norte desde la peña de la «Pegar» para el Septentrión, va la costa de la Muerte, la ribera brava y fatídica, oscura y temerosa que guarda los cuerpos de infinitos mareantes dentro de un compacto y frío sudario de agua.

La Sálvora es de configuración varia. Es una colina de laderas irregulares que se estiran a todos los rumbos y en las que crecen plantíos y arbolado. Desde el Oeste presenta la adustez de un peñascal; pero al acercarse, cuando la distancia permite distinguir contornos y precisar colores entre la bruma, tiene la mansedumbre de un paisaje de égloga. Chozas de labriegos, hórreos, molinos, el edificio de una fábrica sa-

lazonera y las lanchas atracadas en sus ensenadas y bogando a su alrededor dándole



CORUÑA.—Castillo de Santa Cruz, propiedad del general Cavalcanti.

Á dar por finalizado con esta entrega o tema do Centro de Visitantes de Ons cunhas suxestións a modo de conclusión, pero coidei que non sería xusto rematar sen antes dicir que tanto no 2020 como neste verán de 2021, o Centro de Ons vese máis animado e laborioso que nos anos anteriores, tendo en conta o efecto negativo que está a ter a Covid para a realización de actividades dentro e fóra do Centro.

Os cambios a mellor que estamos a notar, esperamos que redunden nuns cambios nas salas deste Centro e na ampliación e mellor programacións das Actividades a realizar nel para o ano que vén.

Como xa dixen, é importante que se realice unha programación durante a tempada invernal, tendente a preparar accións que favorezan unha Illa de Ons **Activa** e así, con bastante antelación, aquelas persoas que estean interesadas, coñezan que actividades se van realizar na Illa co fin de programar tamén eles a súa estancia na súa etapa de vacacións.

A carón das actividades que se veñen desenvolvendo no Centro, sería moi interesante outras que leven aparelado labores nos campos da arqueoloxía, etnografía, recuperación de elementos tradicionais, busca de información,..., e, paralelamente, traballos ecolóxicos e medioambientais, recuperación de espazos naturais, reforestación, coñecemento de especies de fauna e flora,..., e un longo etc. que deixo nas mans do dinamizador e guías.

Para estes labores poderíase contactar coas Universidades, asociacións, institutos,..., á vez dos organismos que organizan os Campamentos, as naveiras,..., e mesmo coas empresas que dan habitacións na Illa co fin de que sexa un tema máis a incluír na súa divulgación. Coido que así asegurárase un turismo de calidade e evitariábase outro tipo de visitantes que en nada axudan aos fins do Parque Nacional.


Nas mans dos xestores do Parque quedan estas suxestións.



Moi interesante grupo de pezas etnográficas que formaban parte da vida auniense. Hai que colocalas adecuadamente e con ficha informativa para que teñan un resultado atrañte cara aos visitantes.

SOBRE O MATERIAL EXPOSTO NO C. VISITANTES
 Nestes últimos anos depositáronse no Centro diferentes materiais que, na nova e necesaria renovación de espazos, deberían estar incluídos coas súas correspondentes fichas informativas. É de supoñer que esta recuperación tería paralelamente unha toma de datos do lugar de procedencia, co fin de catalogalas ben e facer un estudo e posterior ficha máis acorde coa realidade. Aínda quedan moitas “reliquias” etnográficas espaxadas polas casas aunienses e sería interesante que o dinamizador ou guías falen cos veciños co fin de, senón as utilizan xa, pasen a formar parte do importante material etnográfico que debería ter o Centro.

Pezas arqueolóxicas que deberían estar perfectamente catalogadas por un experto e cunha ficha informativa de cada unha.



Vitrina onde se expoñen dúas pezas da arte da pesca do polbo coñecidas como rañas. Importante levar a cabo unha limpeza interior.

Restos dun carro de bois que, no seu momento, púidose recuperar enteiro. Cousa que solicitou PineirÓns.





CAMISETAS DE VERÁN

Corría o ano 2006 e celebrouse en Ons, nos patios de recreo da escola de Curro, o 1º Campionato Mundial de Chave organizado pola Asociación Cultural Pineiróns.

Para tal evento deportivo, cultural e etnográfico, decidimos realizar unhas camisetas conmemorativas, que todo participante debería ter e poñer para participar.

Dende aquela, cada verán sacabamos unha nova camiseta que no seu debuxo frontal reflectía algún acontecemento que ocorrera na Illa.

Fotos: Esquerda, conmemoramos o penúltimo Xacobeo co debuxo dun roballo. 2010. Abaixo a do Campionato Mundial de Chave 2006.



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Verdadeiramente esta non é unha suxestión enviada por algún tema tocado no Onstopus, aínda que podería ser segundo o tocado en varios números por Varu Camaway, pero si son palabras ou frases sacadas dunha charla con Fernando. Quen é Fernando? Pois un dos primeiros nudistas que pisou a praia de Melide, xunto con outros de Pontevedra e Vilagarcía, a piques de rematar os anos 70 do s. XX.

Atopeino ao carón do meu actual barrio de Pragueira, na praia nudista de Bascuas, non na propia praia, que podería ser, senón no bar do Sarantello tomando unhas cervexas.

Como non podía ser doutro xeito, en pouco a nosa conversa xirou entorno a Ons e, entre outras cousas, tocamos o tema do nudismo na praia de Melide. Non vou narrar aquí toda a conversa, que resultou longa e interesante, senón algúns pequenos, pero relevantes detalles.

Fernando comentou como se perdera o espírito nudista de Melide, agora reducido a unha pequena cala ao norte da praia. Chamativo cando dixo: *"...había moitos nudistas de cámping, pero porque acampaban alí e o nudismo era case obrigatorio; e o digo, porque algúns, tan pronto prohibiron acampar en Melide e foron para o Chan, non volveron á praia de Melide a practicar nudismo, a súa posta cambiou para o bar de Checho e o Chiringuito en onde pasaban case todo o día. ..."*

Para min un pouco de razón tiña, aínda que eu intentei tirar del, dicíndolle: *"Home, tes que entender que o desprazamento era longo e despois volver para comer, marchar de novo á tarde e regresar, sempre tiraba un pouco para atrás, non cres?"*

El botouse a rir e de novo dixo: *"... e logo daquela, non había que vir polo pan e outros comestibles pola mañanciña, regresar despois cun sol de carallo e, de novo pola noite, volver á marcha do Acuña, retornando a Melide cando a Casiopeia nos iluminaba, ou, íamos, daquela maneira, intentando ligar, observando as estrelas, tanto do firmamento como as que nos proporcionaban os cubatas de Larios e Dyc, do Acuña. ... Anda, o do nudismo en Melide, só tiña que ver coa acampada, non había nudistas de verdade, como os que estaban a nacer, igual que en Ons, en Cíes e, un pouco máis tarde, en Porto do Son, Barra en Cangas,... Se verdadeiramente houbera un nudismo convencido en Melide, de xente que ama e practicaba habitualmente o nudismo, nunca perdería esa praia a súa esencia nudista. Mira, os nudistas, móvense e buscan os seus lugares, recorren quilómetros para ir ás súas praias e non molestar a ninguén, cando non van a Ons, é porque o nudismo de Melide nunca foi verdadeiro. Olló!!! Iso non quita que alí fóramos moitos nudistas convencidos. ..."*


Ben, podería seguir con máis datos sacados desa conversa con Fernando, pero a verdade é que a praia de Melide perdeu a súa condición de nudista, tal e como a coñecemos nos anos 80 e 90. **Fotos:** Acampada Melide anos 90 (Varu) e praia de Melide 2021.

Os verdadeiros Camaweys deberían propoñer algunha actividade ao respecto.

REFLEXIÓNS SOBRE ONS

Primeiro dixeron que eran de piratas e sabotadores.
Ti, sen dicir nada.
Incondicional, foron pasando e apropiándose dun ser vivo coma ti.
E ti, sen dicir nada.
Tantos e tantos pasaron, arrancáronche a flora,...
E ti, sen dicir nada.
Houbo asentamentos, traballaron a túa terra e a túa parte de mar para a pesca.
E tampouco dixestes nada.
A canta xente víches morrer, querida Ons?
E segues sen dicir nada.
Romanos, o clero, os Montenegro, asentamentos de poboación, veciños, Franco,...
E ti, segues sen dicir nada.
Icona, agora Parques, novas normas.
E ti, segues sen dicir nada.
Incondicional, choras en silencio as loucuras e o egoísmo do ser humano,
aínda seguirás véndoos morrer créndose que son os teus propietarios.
E ti, segues sen dicir nada.
Expondo toda a túa beleza, a túa incondicionalidade.
Xa fixen o amor contigo!
Grazas Ons, ámote para sempre, e perdoa.

Por: Ane. 2021 (Texto orixinal en castelán. Traducido ao galego)



Fotos:
Arriba e
Medio: Grupo
<Os Alcar>.
(Pipo)
Abaixo: Baile
no torreiro de
Canexol.
(Staffant
Mörlling)

CONTOS DE TABERNA

A ACTUACIÓN DOS <ALCAR> NO DÍA DE SAN XAQUÍN EN ONS

Na mesa da partida só os xogadores de dominó. Cando estaban a piques de rematar, entrou Juan, un home de Noalla, moi coñecido entre os aunienses, e sentouse a mirar a partida. Canto remataron, comezou a conversa, que nun primeiro intre dedicárona a preguntarse polas familias aunienses que viven en Noalla e polas de Noalla que viven en Ons.

Nun intre o faladoiro derivou cara as festas de Ons e o ben que se pasaba nelas. Xurdiron un bo número de anécdotas, pero unha das que máis chamou a atención e fixo xurdir un mundo de risadas, foi a que contou Juan sobre un día de San Xaquín de principios dos anos 70 s. XX.

Segundo parece, aquel día, xunto con outro grupo e uns gaiteiros, viñera un conxunto formado por mozos de Noalla e Portonovo. O grupo musical chamábase <Os Alcar>, con “C”, aínda que uns anos máis tarde, quizais por iso de facelo máis internacional, cambiaron o “C” polo “K”, <Os Alkar>.

Juan comezou explicando o por que dese nome <Alcar>. Resulta que os mozos, aínda que moi afeccionados á música, tiñan cada un a súa profesión e eran *Albañiles* y *Carpinteros*, de aí que colleron o “Al” de albaneis e o “Car” de carpinteiros e decidiron poñer <Alcar> como nome ao grupo.

Aquel día, cando se atopaban actuando no torreiro de Canexol, comezou unha pelexa entre varios mozos aunienses, segundo parece por algunha moza, e pouco a pouco foi a máis. Eles decidiron non parar, aínda que a pelexa poñíase cada vez máis dura, ata que, nun momento dado, un dos músicos decidiu dar un pouco de marcha á música e deixaron o ritmo lento para entrar coa canción do “*Chacacha del tren*”.

*Al compás del chacachá,
del chacachá del tren,
Que gusto da viajar,
cuando se va en el tren...*

Nese intre as mozas e non tan mozas aunienses esquecéronse dos seus homes e da pelexa e formaron unha roda e comezaron a bailar pasando polo medio dos que estaban a pelexar. En nada os mozos uníronse ao baile e a troula seguiu, como se nada pasara, ata altas horas da madrugada sen ningún altercado máis. Despois din que a música non amansa ás “feras”. Páx. 5

FESTAS ONS 2021



FESTAS ILLA DE ONS

Un ano máis, por mor da Covid, os veciños non puideron celebrar as súas festas patronais en honra de San Xaquín como lles houbera gustado, con actividades, misa, procesión e verbena nocturna.

Sen embargo e grazas ao Concello de Bueu que incluíu Ons nas súas Freguifestas, a unha subvención do Parque nacional e á Asociación Veciñal, realizáronse varias actividades que resultaron moi atractivas para veciños e turistas.

Freguifesta 2021

21 e 22 de Agosto
Illa de Ons

SÁBADO 21

20:00 h - RUTA POLOS ESCENARIOS DO FILME ONS COS SEUS PROTAGONISTAS. SAÍDA DE CURRO.

22:00 h - PROYECCIÓN AO AIRE LIBRE DO FILME ONS. ZONA DE ÁREA DOS CÁNS

PROTOCOLOS COVID 19:

AFORO LIMITADO E CONTROLADO CON CADEIRAS,
DISTANCIA INTERPERSONAL E MÁSCARA
OBLIGATORIA PARA TODAS AS ACTIVIDADES

COLABORA: ASOCIACIÓN AMIGOS E AMIGAS DE ONS
E A VECIÑANZA DA ILLA



DOMINGO 22

10:15 h - RUTA INTERPRETATIVA DO PATRIMONIO E DA NATUREZA DE ONS. SAÍDA DENDE A IGREXA

11:00 h - RUADA ILLENSE CON FANFARRÍA FURRUXA DE CURRO A CHAN DE PÓLVORA

12:00 h - HOMENAXE ÁS CANTAREIRAS DE ONS CON ARREDOR DA TRADICIÓN
NO EXTERIOR DO CENTRO DE VISITANTES (ANTIGA ESCOLA)

13:00 h - OFICIOS RELIXIOSOS

ACTUACIÓN QUINTETO MARIACHI POLA ZONA DE CURRO

16:00 h - RUADA ILLENSE CON FANFARRÍA FURRUXA DO CANEXOL AO CURRO

16:30 h - RUTA INTERPRETATIVA DO PATRIMONIO E DA NATUREZA DE ONS. SAÍDA DENDE A IGREXA

16:30 h - OBRADOIROS PARA RAPAZADA: A PEGADA NO MAR DE ONS. ZONA MESAS ÁREA DOS CÁNS

DURANTE TODO O DÍA: EXPOSICIÓN "AS FESTAS DE ONS EN IMAXES". ZONA DE CURRO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

RED DE PARQUES NACIONALES

Proxecto subvencionado ao abeiro da orde pola que se regulan as subvencións públicas con cargos aos orzamentos xerais do Estado na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia do exercicio orzamentario do ano 2021

Comezaron o sábado 19 cunha Ruta polos escenarios utilizados para a gravación da película ONS de Alfonso Zarauza, para deseguida no espazo que ata o ano pasado ocupaba o chiringuito, proxectar a película, cumprindo con todos os requisitos Covid.



O sábado non puideron achegarse ata a Illa. As fotografías dos integrantes da Ruta e da presentación e proxección da película Ons, xentileza de Varu Camaway.



Festa Ons 2021 en fotos

HOMENAXE ÁS CANTAREIRAS




FANFARRÍA FURRUXA



MAQUI E OS SEUS MARIACHIS



MORRIS, MOI REQUIRIDO POR VECIÑOS E TURISTAS



PRESIDENTA VECIÑAL MOI BEN FLANQUEADA



JOSECHO (no centro) Cura de Bueu e Beluso, tomando uns viños cos veciños.

